

PALEOLÍTICO

O seguinte vídeo contén un fragmento dunha canción de Neonymus, un artista español que, despois de aprender sobre como se facía música ao longo da Historia, crea cancións mesturando sons desde o Paleolítico ata os estilos musicais máis actuais.

Escoita a canción e responde as preguntas:

Que sensación ou emoción che transmite a canción?

Sabías que na Prehistoria facían música ou nunca o pensaras? Que che parece a música que facían?

Investiga un pouco sobre a música na Prehistoria... Cal era o principal instrumento que usaban os seres humanos daquela?

En que momentos se facía e tocaba música?

Cal é o instrumento musical do Paleolítico máis antigo que foi atopado?

Que outros instrumentos tiñan? Que materiais empregaban para fabricalos?